

# **A CRENZA NAS BRUXAS NUNHA COMUNIDADE GALEGA: ALDEAS DO CONCELLO DE PANTON (LUGO)**

por PILAR RODRIGUEZ BLANCO

O obxectivo do traballo, que xa hai tempo realicei, era fundamentalmente recoillir unhas crenzas que estaban a piques de desaparecer e contribuir modestamente a un proxecto: chegar a establecer consideracións válidas verbo do pensamento e psicoloxía do pogo galego.

Ademais da recopilación destas crenzas, pretendín tamén comprobar o seu enraizamento en vellos e mozos, a pervivéncia neles de mitos de carácter universal, que forman parte do noso inconsciente colectivo, a supervivéncia da superstición no seo da relixión cristiá e da medicina popular e a incidencia que pode ter na comunidade.

A metodoloxía seguida foi a da entrevista persoal, difícil de aplicar polo hermetismo dos entrevistados, xerado por un arraigado sentido do ridículo e polo escaso interés que ten para eles o ser obxecto dunha investigación, sobre todo a respecto dun tema tan tabú. Estes problemas puderónse superar polo feito de ser natural do lugar e coñecer as suas xentes.

A investigación centrou-se nunhas cantas aldeas do concello de Pantón (Goián, Remesar, Barrio, Castrotañé, Castro, Piñeiro, etc.) que están repartidas en duas parroquias, Sta. M<sup>a</sup> de Ferreira e S. Vicente de Castillón, situadas entre dous pobos, antano famosos centros de reunión de bruxas e encravados nunha das ladeiras do val de Lemos.

A sua dedicación é fundamentalmente agraria e as diferenzas más pronunciadas basean-se na maior ou menor cantidade de terras ou cartos que cada familia posui, o que en certo sentido non incide nas relacións sociais, que están presididas por unha relativa igualdade e un espíritu de colaboración. Ao lado disto poden existir rivalidades persoais, fundadas en disputas de terras, que orixinaron pleitos moi costosos, ou en envexas derivadas dunha situación económica más privilexiada. Existen

ademas unha serie de persoas marxinadas, viúvas sen familia, solteiras sen bens, que han xogar un importante papel no tema que nos ocupa.

Sen entrarmos na polémica existente entre os distintos autores sobre o conceito de bruxaría, diremos que nesta zona se soe diferenciar de forma bastante clara a bruxa ordinaria da extraordinaria, que noutros tempos se confundian. Pode acusar-se de bruxa a unha persoa que ten capacidade de facer dano aos demais, mais a maioria das veces non se asócia a ela a idea de que poda facer voos nocturnos e transformar-se nun animal. Isto é algo que figura nas narracións estereotipadas, ser ter normalmente influéncia no contexto social.

Trata-se, pois, dunha bruxaría que se axusta ás preocupacións cotidianas dos que crean nela (1).

Non se practica case a feitizaría positiva, o único que se atopa é bruxaría, canalizada ao traverso do mal de ollo, e contrabruixaría, é dicir rituais que se levan a cabo para librarse dos efectos da primeira.

Isto pode indicar-nos a existéncia dunhas relacións interfamiliares e viciñais intensas e dunha sociedade na que os adiantos médicos gozan dun creto suficiente en moitos aspectos.

Quen son acusadas de bruxas nesta sociedade?. Son fundamentalmente mulleres, o cal quizá se deba á sua situación de inferioridade; a maioría vellas, ás veces arterioescleróticas, ás que se acusa por supor-se que o feito de ser vello aporta un caudal de experiencias suficiente para ser bruxa, ainda que, como veremos máis adiante, este poder poder adquirir-se por outros meios. Ao feito da vellez pode engadirse a existéncia de algun defecto físico, que afecta principalmente á vista (un ollo de cada cor, miopia, etc.). Asimesmo estas mulleres soen estar solteiras ou viúvas, ainda que algúna vez podamos atopar algúna casada.

A maioría son probes, coa excepción de unha pertencente a unha boa familia e cunha educación superior á do resto da comunidade, polo que podía ser considerada bruxa. Dedican-se ao campo, mais levan unha vida un pouco extraña, apartadas da comunidade, porque as suas normas de comportamento son distintas ás desta, e se candra por elo desprecian-nas ou temen-nas, o cal á sua vez explica o seu aillamento.

Moitas destas mulleres son recoñecidas por todos, así a Pepa da Xila, a Cosma, a tía Marica, a Perfeita, a Sra. Anxelita, a Sra. Pepa Cesteira, a Facunda, a Brigória, a Feliciana e a Pilar do Cobreiro, etc. De todas elas soio sobrevive unha, as demais morreron. A forma de identificá-las non é complicada, porque as rodean unha serie de fenómenos extraordinarios, relacionados co mundo das tebras, o que implica a posesión de poderes sobrenaturais; así, viu-se a Pepa da Xila "cair dun corredor embaixo, acima dunhas pedras, e non pasar-lle nada", ou a aquel bruxo (é pouco frecuente que aparezan os homes) que se trasladou, pola noite, a varios quilómetros de distancia, para realizar as suas feitizas, sen que a sua muller, que estaba ao seu lado na cama, se enteirase. Isto lembra-nos as simulacións das bruxas para acudiren ao aquellarre nos séculos XVI e XVII.

Outras veces as actitudes externas das bruxas fan-no-las recoñecíbeis, así á Pepa Cesteira "como tiña mal de ollo o home compraba-lle carne e traía-a na man para non fixar a vista nas persoas".

(1) CARO BAROJA. *Las brujas y su mundo*. Rev. de Occidente 1961, pág. 294.

Ocorre que nalguns casos se confundian coas bruxas, sábias, curandeiras e adiviñas que vivian no pobo ou fora del. Isto debía-se á posesión dun coñecimiento superior ao resto dos veciños. Este é o caso da Conexa, da que se di que “era unha vella que botaba as cartas e que acertaba onde estaban as cousas perdidas”. Para moitos daqueles esta facultade adiviñatária residía no seu carácter de bruxa, ainda que nas suas invocacións mencionase a Deus e non ao demo.

Outra sábia famosa á que acudian os veciños, pero que estaba fora do pobo, era “a bruxa de Lalín” que gozaba de moito prestíxio. Recebia os seus clientes no campo, mentras traballaba nel; non lles cobraba, pero esixíala-lles que a axudasen no traballo, así un día chegou a ter 200 peóns na recollida da herba.

A figura de curandeira que máis se parece á de tempos atrás é a Facunda “que tiña unha pedra da pezoña do sapo e unha pedra da pezoña da pinta. Cando a un lle mordía un sapo ou lle mexaba, iba onda ela e metía a pedra nun couso que parecía un almirez; daba-lle alí e pasaba-lle”.

Outros bruxos e benfeiteiros, algúns dos cais eran cregos, empregan outros sistemas, que logo veremos, para curaren doenzas producidas polo mal de ollo, tais como a tarangaño ou a posesión demoníaca. Isto podemos ve-lo xa no século XVI. Soen actuar en lugares relixiosos e utilizar obxectos tamén relixiosos.

Ainda que algúns autores distinguen estas mulleres (nalgún caso homes) das bruxas, se existise hoxe a Inquisición poderían ser procesadas e condenadas.

Neste grupo incluiríanse ademais todos aqueles que nun determinado momento boten maldicións e produzan mal de ollo, por mor da enemistade que teñen cos seus veciños. Tamén se incluen os xitanos. Hai que aclarar, entébén, que non se consideran bruxos todos os que posuen a facultade de botar o mal de ollo, xa que hai os que danan a outras persoas involuntariamente, pois a orixe do seu poder é connexita. Para evitá-lo, utilizan unha serie de recursos: cravar os dentes nun cacho de carne, poñer anteollos, non ollar de frente, etc... Somentes cando faga o mal de forma deliberada considerarán-no bruxo. Isto queda a criterio da vítima que ten tamén unha serie de recursos para descobri-lo.

Fora deste retrato, o máis cercano á sociedade estudiada, temos outro máis lonxano: o das bruxas mozas que non acostuman a actuar maleficamente sobre a comunidade, agás nalgún caso, senón que son seres misteriosos, desligados daquela, que reúnen na sua personalidade as características das bruxas mitolóxicas, que están relacionadas con todas as bruxas que houbo ao longo da historia. A súa imaxe é moi estereotipada, por iso as acusacións son moi vagas.

O poder fundamental das bruxas centra-se na facultade de trasmitir o mal de ollo, que afecta a persoas e animais. Non incide sobre as colleitas como en séculos pasados.

Ás persoas afectan-nas de múltiples maneiras:

— Fan-lles perder o camiño. É o que lles pasou a dous homes que lles tiraron pedras aos cans dunha bruxa de Toldaos. Andiveron vagando toda a noite polo monte. Caro Baroja conta-nos algo semellante (2).

---

(2) CARO BAROJA. *Algunos mitos españoles y otros ensayos*. 2<sup>a</sup> edición. Ed. Nacional. Madrid, 1944, páx. 188.

— Trasladan-nas dun sitio a outro. “Un home que estaba no fiadeiro en Tribás trasladaron-no as bruxas a catro quilómetros de distancia”.

— Obstaculizan-nas na realización dun determinado traballo: traballos de campo, construcción dun pozo.

— Dan como comida insectos repugnantes, escaraballo disfarzados baixo a apariéncia de ovos fritos. Isto é o que lle pasou a unha tecedeira que facía o seu traballo a domicilio; descobre isto ao bendecir a comida e ao cuspir no chan, invocando a Xesús ao mesmo tempo.

— Provocan epidémias de piollos.

— Producen enfermedades de tipo fisiolóxico (tarangaño, inapeténcia) ou de tipo psíquico (posesión diabólica).

Os animais: Os afectados son sobre todo o gando vacuno e porcino (ás veces aparecen bestas e cabras), que son a base da economía doméstica do paisano, por iso cando estes enferman ou lles ocorre calquer outro percance e non lle atopen unha explicación, atribuen-no a bruxaría. Os sucesos más correntes son os seguintes:

— Os bois ou as vacas negan-se a camiñar, perden o pelo, deixan de dar leite ou espantan-se.

— Os porcos fan cousas parecidas: soben polas paredes da corte, non queren as suas crías e até chegan a morrer. O primeiro foi motivo suficiente para que unha bruxa fose condenada polo Santo Oficio en tempos pasados.

Tamén estes poderes poden manifestar-se de forma positiva, como na curación de doenças que estas mesmas producen, por exemplo a posesión demoníaca. O poder das adiviñas centra-se na adiviñación de cousas ou animais perdidos.

Na posta en práctica dos poderes citados non aparece a feitazaría, coa excepción da bruxa Facunda, quizá porque xa non quedan apenas bruxas, senón soio o que a xente opina e lembra delas.

E nisto e noutros feitos extraordinarios como queda patente a presenza de unha bruxa. Pode ocorrir que se detecte o mal, pero non a que o orixina, a non ser que se vexa mirando fixamente a vítima.

Os feitos extraordinarios antes mencionados son os seguintes:

— Imunidade física (non sempre se dá, pois ás veces o medo ao castigo fai que ceda frente ás ameazas), é dicer, pode cair sen se mancar desde certa altura, acima dunhas pedras e non romper a cabeza; é o que lle pasou a Pepa da Xila. Tamén se manifesta na habilidade para fuxir dos paus que lle poden dar.

— Fortaleza suprafísica: é capaz de partir unha vara coa vista ou trásladar-se dun lugar o outro polos ares.

— Invisibilidade: petar na porta dunha casa sen necesidade de facerse visible aos seus moradores (isto é mais próprio da bruxa extraordinaria), ou tirar pedras sen que a vexan. En séculos pasados moitos acusadores de bruxas aseguraban a realidade desde feito.

Unha vez realizada calquer destas cousas quedará marcada para sempre (3).

---

(3) LUCY MAIR. *La brujería en los pueblos primitivos actuales*. Ed. Guadarrama. 1969, páx. 188.

Os viciños non sempre esperan a que unha bruxa ou un bruxo se manifesten por si mesmos, senón que tamén disponen dunha serie de recursos para deixá-los ao descoberto, é dicir, para cazar bruxos. Así:

— Recursos relixiosos: deixar aberto o Evanxeo ao finalizar a Misa, porque así as bruxas quedarán atrapadas no interior da igrexa; vai acompañado isto dunha benzón. Pode-os utlizar o crego ou algúin veciño.

— Recursos de outro tipo: ameazas, ritos de máxica destrutora. Poden aplicá-los tanto homes como mulleres.

E fácil chegar a resultados positivos porque os sospeitosos son sempre os mesmos, eses seres marxiniais dos que antes falamos. Cando o sospeitoso é outro tipo de veciño, a acusación realiza-se con moita precaución para evitar situacions comprometidas.

#### Como adquieren estes poderes?

— Por herdanza, ao traverso da vía feminina; din-nos que non hai bruxas agora, porque non houbo descendéncia.

— Por contáxio: coller da man unha bruxa cando ésta está morrendo.

— Por meio da leitura de un libro, quizá o “Libro Infernal ou a Clavícula de Salomón” (aquí atopei un exemplar), ao parecer de probábel orixe helenístico-xudeu, introducido polos xudeus ou polas sectas protestantes galegas e portuguesas.

A actuación da bruxa pode desenvolverse durante o día e ás veces pola noite, se se trata da bruxa ordinaria; a extraordinaria fai-no pola noite.

Os actos más reais identifican-se, pois, co día e os más irreais coa noite. Lucy Mair corrobora isto ao dicer: “lo mismo que el brujo nocturno reúne en su personalidad toda clase de males, el brujo ordinario es la imagen de lo que nadie desearía que fuesen sus vecinos” (4).

Os días preferidos polas bruxas extraordinarias son os sábados; as outras actuan calquer día.

Con todo o que se ven dicer poñemos de manifesto a existéncia dunha crenza bastante extendida e non sempre recoñecida por medo ao ridículo.

Dentro dos crédulos hai os que diferencian o mal de ollo da bruxaría e os que o confunden. Xustifican a sua creenza pola existencia de envexas e polos feitos que xa mencionamos.

O maior nivel de credulidade manifesta-se nos maiores de cincuenta anos e non existe unha marcada diferenza entre homes e mulleres.

A dualidade crédulos-escépticos, existente nestes pobos, dá pe para a realización dunha serie de bromas, aproveitando-se uns da inxenuidade dos outros; así houbo quien confundiু as polas do sabugueiro, que brillan na escuridade, con bruxas e decidiu apaleá-las até que se decatou do erro.

Moitos destes crédulos poñerán en práctica unha serie de remédios, ben sexan preventivos ou terapéuticos, para protexeren-se das bruxas, xa que os afectados non adoptan case nunca actitudes pasivas diante da acción destas mulleres.

Os meios profilácticos empregados contra a bruxaría centran-se en:

(4) LUCY MAIR. Ob. cit., páx. 43.

a) A utilización de amuletos con valor relixioso ou semirrelixioso, e de sinais ou símbolos relixiosos. Destacan entre eles:

— Os Evanxeos: colocan-se debaixo da almofada nos berces dos nenos, para protexé-los do mal de ollo que lles produz pragas de piollos ou diarreas. E tamén o que recomenda o autor da Clavícula de Salomón.

— Os Escapularios: case todo o mundo os usa. Desprender-se deles pode facilitar a introdución da doença, así a posesión demoníaca, que é o que ocorreu a unha veciña do lugar.

- Os Rescritos: colocan-se detrás das portas (aquí é onde o atopei eu). Conteñen invocacións moi relacionadas coas que se fan os espíritus cabalísticos, nas que xunto ás invocacións a Cristo, a Virxe e os Santos, aparecen as dirixidas a Adonais, Sabaoth, Tubalión, etc... O seu fin é protexer homes e animais dos malefícios diabólicos producidos por Satanás e as bruxas. Están escritos en latín vulgar, mixturados co castellano. Vendían-nos aquí unhas monxes de Monforte.

Como símbolo emprega-se moito a cruz (que se fai cos dedos). Soe ir acompañada de invocacións relixiosas.

Utilizan-se tamén outros elementos cristianizados: auga bendita, loureiro (árbores de folla perene), oliveira, tamén benditos, o que se fai o Domingo de Ramos.

b) Utilización de amuletos, substancias e símbolos extrarrelixiosos como o alio, que se soe levar no peto; asimesmo teñen importancia as pedras con virtudes sobrenaturais e o círculo, dentro do cal se introduz o individuo cando o asédio o mal. Utilizan-se noutros lugares e noutros tempos (5).

Cando estes medios fallan e se introduz a doença é necesario aplicar os medios terapéuticos. Podemos distinguir entre:

A. Os medios que habitualmente usa a Igrexa, entre os que diferenciamos:

a) Meios relixiosos: emprega-se o sinal da cruz sobre os animais e sobre as persoas; así aos bois se lle fai por riba dos cornos ou nas pernas. As veces empregase o Crucifijo, que actúa como un amuleto cargado de fuerza sobrenatural, como un escudo contra o mal e como soporte do mundo (6). Cando se coloca sobre os bois consigue-se que estos camiñen.

As rogativas soen emplegar-se acompañando otros rituales. Son a Salve e o Glorioso Patri.

Os Evanxeos usan-se no caso que mencionamos antes. S. Agustín recomendaba os pra combatir a febre (7).

b) Meios pseudo-relixiosos, algunos cristianizados, así:

— A auga, bendita ou non e se é así vai acompañada dunha oración ou unha invocación cristiana, unha Salve por exemplo. E o que fixo un veciño para curar unha mula, ao que se engade o feito de ter que repetir o rito tres veces e sen falar con

(5) DITTMER. *Etnología general*. F.C.E. México, Buenos Aires, 1960, pág. 94.  
Libro *Infernal o Clavicula de Salomón*, pág. 59.

(6) ELIADE, Mircea. *Tratado de Historia de las Religiones*. Instituto de Estudios Políticos. Madrid, 1954, pág. 279.

(7) GIL. *Terapia. La medicina popular en el mundo clásico*. Ed. Guadarrama. Madrid, 1969, págs. 200-203.

ninguén. Vemos aquí a importáncia do número impar e a idea do siléncio, moi característicos da mitoloxía, sobre todo a segunda que aparece moito na castrexia, onde o romper esta condición supón-lle ao paisano receber un castigo e perder o prémio conseguido. Existe ademais unha interferéncia entre o valor natural da auga como elemento catártico e as prácticas relixiosas e ás veces máxicas.

A auga bendita debe de coller-se na igrexa no momento da Consagración, porque é cando as suas virtudes curativas adquieren maior forza. Isto mesmo fai-se noutras lugares de Galiza ou en Navarra.

Plantas como o loureiro e a oliveira exercen unha función terapéutica, ademais de preventiva, actuando como variñas máxicas para botar a doença. Van ás veces asociadas a invocacións relixiosas.

- Os Rescritos: arroxan agora os demos malignos.
- Os exorcismos: os seus fins parecen relixiosos, pero o método empregado é totalmente máxico, fai-se pasar a bruxa nove veces por riba dos pes da embruxada.
- A cera: (en forma de velas ou círios) seica posui certas cualidades medicinais, pero aquí o que importa máis é o seu valor relixioso, por iso a vela bendita no santuario das Candelas é sumamente importante. Ás veces reforza-se co allo, co sinal da cruz e coa auga bendita. Aplica-se cando a vaca dá sangue en vez de leite.

#### B. Meios científico-médicos:

Utilizan-se pouco porque se o mal o produciron meios diabólicos, a terapia terá de ser máxico-simbólica, xa que hai cousas que nen o veterinario nen o doutor poden chegar a diagnosticar, e na sua curación terán de intervir cregos ou curandeiros, que utilizarán (no caso da posesa demoníaca) métodos relacionados coa psicoloxía e a psiquiatria. Noutro caso misturan-se medicinas e rescritos.

#### C. Outros meios:

a) Plantas non santificadas pola igrexa, así o carballo. Utilizan-se nunha curación na que se aplica a máxica simpática, como é o pasar un neno doente con tarangaño polo burato dunha árbore, feito co machado, que logo se volverá a unir. Se a árbore se rexenera o neno curará. A vida deste, pois, está ligada á vexetación.

Tamén se emprega o allo; untan-se con el os bois cando se negan a camiñar.

b) Minerais e pedras: destaca o sal que sempre se utilizou contra as bruxas, por iso a comida nos aquellarres servía-se sen sal; aquí utiliza-se unida á auga e o choque desta substancia coa que emana da bruxa fará que desapareza o malefício.

As pedras empregan-se como amuletos que ao participar de ideas superiores teñen un valor curativo.

c) Substancias orgánicas: teñen importancia nas curacións por contacto e así o reflexan as lendas cristiás. Aplican-se tamén aos bois que non andan.

d) Uso da forza: canalizada ao traverso dun pau de loureiro, bendito ou non, ou un ferro candente acompañados da ameaza verbal.

**Normalmente as ameazas non se cumplen, coa excepción dun pobo que quixo queimar unha bruxa no interior da sua casa. Ás veces o único que se busca é forzar a presenza da bruxa nas curacións homeopáticas, xa que soio a bruxa que orixinou a doença ten facultade para curá-la. Para elo temos que descobri-la realizando toda**

unha serie de actividades máxicas, tais como feri-la cun obxecto cortante (un rastrillo de liño, un machado ou un coitelo), que se aplica sobre a cinza da lareira, e sobre o sangue da vaca ao muxi-la. Acompañan este rito a auga e o lume como elementos rexeneradores e destrutores, así se queima a roupa enmeigada nun caso de praga de piollos. En ocasións non é necesario chegar a isto porque a bruxa ante o temor de ser recoñecida polos seus viciños, repara o mal. No século XVII procesou-se unha bruxa por esta razón.

**Outras veces a mellor maneira de eliminar unha bruxa é arrebatar-lle a fonte do seu poder, o libro de bruxaría do que se val para introducir os maleficios.**

De toda esta complexa análise sobre a crenza verbo da bruxaría, podemos deducir o seguinte:

A. A pervivencia de elementos míticos e demoniacos en dita crenza; os segundos serían unha cristianización dos primeiros. Así o demo viría ser un amigo protector das bruxas, ou quizás o que se atope detrás do aquellarre, sexa unha xuntanza de seres míticos.

Estes elementos son os seguintes:

a) O pacto: non aparece de forma clara, ainda que para facer maleficios se supón que hai que ter un acordo tácito co demo; quizás se empregan para facé-lo as invocacións contidas no libro "A Clavícula de Salomón".

b) A unción: antes de iniciar o voo a bruxa unta os seus sobacos ou a guermaileira con allo ou con outras substancias descoñecidas. Isto é o que descubriu un viciño na sua noiva, da que xa se dicía que era unha bruxa.

c) O voo e a metarmorfose: nesta zona voan na sua forma corporal, sen outros complementos, ou convertidas en animais. Os oríficios de saída son a pechadura da porta ou a chaminea. Xa non atopamos máis testemuños a non ser que consultemos o libro de bruxaría antes citado, que contén unha serie de invocacións para iniciar e rematar a viaxe, como son pechar os ollos e dicer "cese xa a miña viaxe e repousen os meus pes de novo no punto onde sain".

d) O aquellarre: fala-se de que se ian xuntar as bruxas co demo, que tiña aspecto de carneiro ou macho cabrio, que bailaban con fachos acendidos. Isto era o que os paisanos vián desde as suas casas. Tamén se contan alguns feitos que ocorrian durante as xuntanzas; así, refere-se o caso do zapateiro que acode ao aquellarre despois de imitar os rituais que observou nunha bruxa, e que pica ao demo no cu cunha subela en vez de bicá-lo.

Coñecemos asimesmo algunha das fórmulas recitadas polas meigas durante a xuntanza, como é a canción "Luns, Martes e Mércores tres, Xoves, Venres e Sábado seis", sen mencionar o Domingo por ser o día cristián por exceléncia. Isto fará-o o home que as escoita, desfacendo a xuntanza, a cámbio do cal pode sofrer ás veces castigo, unha paliza, que lle saian duas marrás, etc.

Outros feitos que as bruxas realizaban durante o aquellarre eran: queimar-lles os pelos ás mulleres que se lles acercaban, asustar os transeúntes nocturnos, ou transportá-los a lugares alonxados por terra ou por ar, como lle pasou a un home coxo do lugar que elexiu o segundo para evitar as silveiras. Din-nos tamén que nestes momentos se asubíamos, podemos atrai-las ao noso lado ou facé-las desaparecer, o que xa ocorria no século XVII. Nengun dos viciños esperou a ver o resultado desta proba.

Ademais de se xuntaren nestes contornos (monte da Escrita en Toldaos, en Trasulfe, no Fontao ou Següin) as bruxas ian a Sevilla.

Estes aquelarres celebran-se pola noite, porque están en relación, segundo Elíade, cos ritos de iniciación vencellados á lua, ainda que nesta zona penso que as reunións non se fixeron nunca na realidade, como no País Vasco. Os datos que temos proceden ademais dos que cren na bruxaría; non hai outras fontes.

Tamén atopamos as bruxas relacionadas con outros seres míticos como as mouras, o cal é bastante frecuente e quizá se deba ao aspecto extraño de uns e outros, a preeminéncia do elemento feminino, o seu anticristianismo, a sua relación co mundo subterráneo (noite, vida secreta) ou pola sua relación maléfica cos seres humanos, e porque son un elemento explicativo máis da realidade incomprensíbeis, e agora están convertendo-se en supersticións degradadas con menor cohesión cada día e cunha realidade obxectiva transfigurada pola sua realidade mítica.

A relación coa licantropía é máis confusa, soio se nos dí que un veciño viu bruxas e lobos subidos ao mesmo carro.

Outra confusión na que se cai por influéncia do cristianismo consiste en identificar bruxas e ánimas malas, concebidas ambas como espíritos diabólicos.

Vemos, pois, unha enorme mixtura de elementos de relixións anteriores, incorporadas polo cristianismo para poder extender-se máis fácilmente.

B. Unha estreita relación ca medicina sobre todo popular. Moitas das cousas das doenças producidas pola bruxaría son descoñecidas, mesmo a nivel científico, porque se trata de doenças psíquicas, campo ainda non totalmente explorado.

As explicacións que estas comunidades dan son imaxinárias; reflexan un medo ao desconocido, agravado pola falta de instrución. A terapia é tamén máxico-simbólica e resulta efectiva nalguns casos ao incidir sobre a mente dos doentes, porque os curandeiros soen ser os mesmos que sufren a acción das bruxas, coa excepción de algunas intervencións do curandero especializado e do crego que actúa sobre todo curando doenças psíquicas. Exemplos disto son a posesión diabólica ou o aollamento de un neno. O curandero pode estar reforzado por outros elementos cristiáns, como é a actuación da madriña que será a que leve ó neno á igrexa; neste ritual utilizarán-se tamén elementos míticos, xa que hai que ir por un camiño e volver por outro, sen falar con ninguén, para ir logo entregar-llo á nai. Para exercer esta función ten permiso da Igrexa, ainda que é probábel que isto non sempre ocorra.

Sucede ás veces que as doenças son reais, ainda que se achaquen ás bruxas e o emprego da medicina popular empírica daba resultados positivos; así cando se recomendaba a auga. Tamén podía intervir o médico se era que a enfermedade presentaba unha sintomatoloxía coñecida fose cal fose á sua orixe.

Non existe case enfrentamento entre o doutor e os curandeiros cando estos aplican unha terapía máxico-simbólica; este acentua-se cando se praticaba a medicina popular. Atopa-se más aguzado no caso dos veterinarios, ao mellor porque estes andiveron moi escasos e o prestixio dos curandeiros medrou por esta razón. Destaca aquí o mancineiro de Chantada, o Torres de Eiré e o Baldomero de Fion. As veces eran curados os animais polos mesmos veciños, sobre todo cando a doença era imaxinaria.

Para Elíade estes curandeiros son persoas neurópatas ou con equilibrio inestábel. O resto das persoas abonda con que sexan crédulas.

Frente a eles están uns embruxadores, ás veces obsesos, que pensan que poden danar a outras persoas coa forza do seu pensamento, por iso ameazan os veciños. Ademais a forza de atribuir-lles embruxamentos chegan a crer iso. Teñen tamén certa capacidade de suxestión, que pode afectar con máis facilidade ás persoas que posuen un carácter débil. Hai quen descobre que ten esta capacidade ao traverso dun veciño que se queixa do aollo involuntario.

En canto aos enfermos, os más afectados pola acción das bruxas son os nenos, os más débeis, sobre todo cando o atraso da medicina era maior e cando a dieta alimenticia ou as condicións hixiénicas eran piores. Ven-se afectados polo enganido ou tarangaño, unha praga de piollos ou pulgas, desapeténcias ou diarreas, desnutrición, etc...

Tamén os grandes sufren doenzas, as más coñecidas son as psíquicas. En canto ás suas causas algunhas son naturais e teñen un fundamento científico, o que non é recoñecido así polas suas vítimas, que ven nelas unhas razóns sobrenaturais, é dicer achacan as doenzas ao mal de ollo de unha bruxa, que ao traverso da sua mirada catapulta a substancia destructora cara a persoa desexada; chama-se isto "proceso de transferencia dinámica" (8). As causas reais están, pois, na mente dos doentes, moitos deles neuróticos que reaccionan de maneira distinta diante da presenza dos seus embruxadores: ladrar igual que os cans, falar castellano, berrar desaforadamente, etc... É probábel que de non existir a bruxaría, algunhas doenzas tampouco existirían, porque desaparecería a causa.

Cando as vítimas son os animais, normalmente as doenzas que padecen son imaxinárias, e trata-se más ben de anormalidades pasaxeiras.

As terapias entón varian, segundo o significado que dea o paciente á sua doença, pero polo xeral estes procesos constan de varias partes:

a) Unha parte verbal con fórmulas ou ensalmos máxico-religiosos, invocacións, rescritos, acompañados de certas condicións, como as de gardar silencio ou ir por un lado e volver por outro.

b) Unha parte práctica, que exixe a realización dun rito catártico ou purificador, con auga, con lume, cunha función ás veces real (desinfección) e outras simbólicas.

Elimina-se así a doença producida por contacto cunha forza extraña (o mal de ollo). As herbas utilizan-se más con fins simbólicos que farmacolóxicos.

Este rito en ocasións vai acompañado dun rito expulsatório, cando a concepción da enfermedade é demoníaca. Esta terapia tamén ten un carácter alopático (curación por contrarios), até lograr a saída do espírito usando un exorcismo (xestos, palabras religiosas). Vai acompañada dunha certa dose de homeopatía (intervención da mesma bruxa), até sacar o demo por un pe. A eficacia deste sistema depende do poder de suxestión que teña o curandeiro, da captación da vontade do doente, imprimindo-lle a arela de viver, que crea realmente que pode mellorar. E o que fai tamén a Psiquiatria. Neste caso rito e remédio van unidos.

(8) GIL, Ob. cit., páx. 122.

Ao longo de toda a exposición pretendin demostrar que os mitos, ainda sendo parte da tradición recibida polos homes por parte dos seus antepasados, atopan o seu fundamento no mundo actual; como dí Caro Baroja "El mito es algo más que pura explicación tradicional, poética o simbólica de los fenómenos de la naturaleza. Es expresión de un orden en el que la misma naturaleza está incluida, un orden que en última instancia imponen el hombre o la sociedad" (9).

A bruxaría exerce entón unhas funcións específicas no meio social no que se insere e contribui a dar unha explicación significativa dese meio social.

C. A bruxaría é tamén unha vía para a manifestación de sentimentos como a envexa, o resentimento, os ciumes, que se traducen en agresión e hostilidade. Manifestan-se ao traverso de embruxamentos de nenos e animais (ou os seus produtos) e ainda dos mesmos adultos. Vimos que por envexa se enmeigan as vacas, base fundamental da economía galega, porque suministran alimentos e esterco. Son vulnerábeis a estes ataques polo escaso nivel sanitario do gando vacuno galego. O mesmo pasa cos porcos; unha muller embruxou os de unha veciña, porque tiña máis ca ela.

Asimismo vimos lanzar unha praga de piołlos a unha nena, porque segundo se dicfa, a bruxa tiña envexa da fermosura desta. Ás veces aquela pode ser desencadenada pola competéncia comercial, que enxendra ódio e opresión; é o que pasou cunha muller que introduciu o demo no corpo á sua cuñada.

Os mesmos efectos producen os ciumes; así a un mozo infiel trasladou-no a sua moza a vários quilómetros de distancia. Tamén unha bruxa se pode vingar das bromas que lle gastan os veciños, entorpecendo-os nos seus traballos; prospección dun pozo, traballo no campo, etc...

D. Ademais é unha via de explicación das desgracias que imerecidamente afectan ao home, xa que Deus é a orixe destas; recai a responsabilidade nos seres malignos, entre eles as bruxas.

E. Contribui ao mantemento da orde social; queda patente a culpabilidade de un bruxo ou unha bruxa cos actos que se realizan para castigá-los, o que fará desistir a calquer membro da comunidade de imitá-los.

F. E unha via de definición ou escape de ansiedades persoais: medo, aprensión, por parte da xente, porque esta pensa que está nas suas mans o poder aliviá-las. Unha persoa sofre unha doença inexplicábel e atopa de contado a explicación e o remédio.

G. E unha forma de reprimir ódios ocultos; non se expresan os pensamentos de forma aberta por temor a ofender a unha bruxa, ou polo contrario se un manifesta este ódio pode ver-se exposto a que o tachen de bruxo. Isto pasou-lle a persoas que expresaron as suas malqueréncias de forma aberta. As persoas embruxadas soen ser as que máis problemas teñen cos seus veciños.

H. E, por outro lado, un acto de hostilidade secreta entre aquellas persoas que deberfan ter boas relacións, parentes ou amigos; así o caso da nora que acusa a sogra ou ó da muller que se ve embruxada pola sua cuñada.

(9) CARO BAROJA. *Las brujas y su mundo*. Rev. de Occid., páx. 27.

Manifesta, entón, as rivalidades da comunidade e mesmo das existentes entre pobos, pois cada un deles atribui maior cantidad de bruxas ao outro; en Goián di-se "bruxas había-as en Toldaos", e os de Piñeiro "bruxas había-as en Goián". Cando un mozo fracasaba no seu noivado coa moza de outro pobo, trachaba-se de bruxa e o mesmo facían os veciños dun pobo cando perdían o camiño da casa perto de outro; as responsábeis eran as bruxas do lugar.

Por outra parte a situación marxinal destas persoas que se senten rexeitadas pola comunidade orixina nelas un conflito psicolóxico, que fai que cheguen a crer as acusacións de que son obxecto, desprazando logo a sua agresividade a persoas coas que non simpatizan (casos da Perfeita, Pepa da Xila, etc.). Cando as acusacións van dirixidas ás bruxas mitolóxicas non se produz nengun conflito.

Hai que asinalar que as mulleres sempre foron as que máis acusacións receberon, posiblemente polo seu afán de escapar, nalgum momento, do submetimento do home; a caza de bruxas o que buscaba era éste. Ademais a acusación que se dirixía a unha muller traía menos perigo que a dirixida a un home, máxime se a muller era solteira ou viúva e non tiña quen a protexese, dado o cativo papel que xoga no grupo social. Se se acusa a un home non se di nunca quen é, para evitar eses conflitos. Chega un momento en que as acusacións recaen sempre sobre os mesmos. Os afectados son case sempre os más crédulos ou os nenos, que serven de intermediarios entre os adultos que non declaran abertamente a sua hostilidade. As razóns persoais destes ódios hoxe non as coñecemos, porque pasou moito tempo e agora non se querer romper unhas relacións cos familiares ou amigos que neste momento poden ser cordiais.

A propia comunidade, como se viu, pon remédio a estas situacións, eliminando a angúria e a ansiedade que nalgum momento pudo invadi-la. Na aplicación do remédio, moitas veces simbólico, interveñen todos, vítimas, bruxas, curandeiros, e no caso dos menores, parentes e padriños, que fan de intermediarios entre os nenos e a sociedade. O crego mantén a relación desta coa outra vida. Colaboran tamén os veciños. O rito ademais de máxico é social, xa que a comunidade cando se rexenera un membro seu, ela se rexenera.

Intenta-se asimesmo eliminar o ódio da bruxa facendo que desapareza o seu poder.

Hoxe en día a función da bruxaría nestas pequenas comunidades é cada vez menor, porque os que quedan son soio ex-embruxados, xa que os elementos orixinadores de ódios desapareceron; o que queda son restos deles e narracións estereotipadas.